No desenrolo de cada unidade didáctica, sempre temos en conta que non todo o alumnado asimila ao mesmo tempo os contidos tratados, nin teñen as mesmas habilidades. Algúns contidos poden presentar maior nivel de dificultade para algúns alumnos sobre todo si esixen un bo nivel de visión espacial, que non todo o alumnado ten igualmente desenrolado, ou dificultades de execución técnica para aqueles alumnos con pouca habilidade manual.

As diferenzas que existen entre unhas unidades didácticas e outras ou entre unhas técnicas e outras, permite que cada alumno afonde nun campo no que ten mellores habilidades. Na medida do posible terase en conta o punto de partida de cada alumno, as súas dificultades e súas capacidades, para facer una adaptación nos exercicios que lles permita desenrolar todo o seu potencial creativo e que lles rete a conseguir novas metas.

As actividades de reforzo están especialmente contempladas para aqueles alumnos con dificultades, que

precisen repasar e traballar conceptos, aplicar técnicas e afianzar destrezas. No caso de alumnos con dificultades especiais, seguirase o criterio e os consellos dados pola responsable do Departamento de Orientación do centro, quen nos suxerirán exercicios e metodoloxías axeitadas e adaptadas ao seu nivel e capacidades.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais transmítense dun xeito continuado na actitude do profesorado e nos valores que se traballan cos alumnos na actividade diaria. Dende a materia darémoslle moita importancia a que adquiran valores como o respecto, tanto a o profesorado como a os/as compañeiros/as, que teñan coidado cos materiais comúns, que se mostren tolerantes e que aprendan que o esforzo é o único camiño para alcanzar as metas que se propoñan. A adquisición destes valores, non só fará deles mellores alumnos/as senón, o que é máis importante, mellores persoas.

Os apartados que se atenden de forma preferente en todos os niveis son:

ELEMENTOS TRANSVERSAIS ESPECÍFICOS POR NIVEIS	
<p>En 1º e 3º da ESO traballaremos a sinalética en carteis aplicados a campañas de educación vial e prevención de riscos. No ámbito da educación e da seguridade vial, se promoverán accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, a fin de que os alumnos coñezan seus dereitos e deberes como usuarios das vías, en calidade de peóns, viaxeiros e condutores de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e as sinais, e se favoreza a convivencia, tolerancia, prudencia, autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.</p> <p>En 1º e 3º crearanse stopmotions para CLIMÁNTICA, fomentando a conservación medioambiental, a participación cidadá na conservación medioambiental o coidado e conservación do medio e das comunidades humanas que manteñen un modo de vida integrado no entorno.</p> <p>O alumnado de 1º e 3º utilizarán durante todo o curso diferentes materiais de reciclaxe para os seus traballos. Axudarémolles a que reparen na cantidade de lixo que xeramos e na posibilidade de reutilizalo como material artístico. Aproveitando este traballo de creación de campañas publicitarias propiciaremos que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partires de aptitudes como a creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza en un mesmo e sentido crítico.</p>	<p>En 4º da ESO, a través da publicidade, traballaremos o desenrolo da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición o circunstancia persoal ou social. Neste curso plantexaremos algún traballo con imaxes gráfico-plásticas creadas a partir de fotografías recollidas nos periódicos sobre a inmigración, a violencia que orixina a discriminación...reflexionando sobre os movementos de persoas no mundo, os guetos, a integración e as consecuencias.</p> <p>A través da publicidade, adecuar o consumo de bens e servizos as necesidades. Análise de necesidades e coñecer someramente o plan de marketing dun produto, servizo ou idea que se lance ó mercado.</p> <p>Tamén coa realización das curtametraxes, unha con temática medioambiental, fomentando o respecto e a conservación medioambiental e do entorno. E outra curtametraxe sobre a igualdade, fomentando a igualdade e a non discriminación por razón de sexo, raza, condición sexual, crenzas,...</p> <p>No bloque artístico, traballarase a observación e recreo da natureza como inspiración nas creacións artísticas.</p>
ELEMENTOS TRANSVERSAIS XERAIS PARA TODOS OS NIVEIS	
Educación moral e cívica	
<ul style="list-style-type: none"> Participación en tarefas comúns, mostrando actitudes de solidariedade e colaboración. Responsabilidade no traballo e gusto polo traballo ben feito 	<ul style="list-style-type: none"> Utilizar unha linguaxe non sexista. Educación para a igualdade de oportunidades de ámbolos dous sexos. Respecto polas apreciacións alleas.

- Valores e contravalores na actualidade e o longo da historia.
- Diversidade cultural Educación para a paz.
- Respecto a diversidade persoal, económica, étnica, cultural e social.
- Achegamento á arte como patrimonio universal que fomenta a convivencia pacífica dos pobos.
- Educación para a saúde, responsabilidade común.

- Utilizar o método de traballo en equipo, para estimular a convivencia e asumir o reparto de tarefas e responsabilidades, sen distinción entre rapaces e rapazas.
- Desenvolver a capacidade de autoestima ante a satisfacción persoal que produce a realización práctica dos proxectos deseñados.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO

Posibles actividades a programar durante o curso:

- Participar en actividades conxuntas con outros departamentos ao igual que coa biblioteca.
- Exposicións de traballos dos alumnos no centro.
- Visitas a algunhas das exposicións que se leven a cabo nos museos e salas de exposicións da cidade e que poidan ser de interese para eles. (Visita ó centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela, O Marco en Vigo, Fundación Pedro Barrié de la Maza,...) así coma calquera outra que poida resultar interesante e da que por agora non se ten noticia.

As visitas dependerán das exposicións ou eventos culturais que se nos oferten polo que quedaría sen determinar o lugar e os cursos que a realizarán.

Ao longo do curso, sempre que sexa posible e o tempo o permita, o alumnado de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, terán algunha actividade relacionada coa natureza no entorno do centro que complemente as unidades didácticas.

Participar nalgún concurso relacionado cos traballos que se realizan na materia, do que se vaia tendo información.

Ademais, intentarase participar en excursións interdisciplinarias en colaboración con outros departamentos, procurando favorecer a máxima participación do alumnado nas saídas organizadas polo centro.

Todo elo, tendo en conta que, a situación sanitaria de cada momento podería modificar algunhas das actividades programadas, quedando recollidas na memoria final ditas modificacións ou adecuacións necesarias.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Na hora establecida para a reunión de departamento semanal (que é unipersonal) farase un seguimento da programación, as adaptacións ou posibles cambios que vaian xurdindo e, si se considerara necesarios, se terán en conta e reflectiranse na modificación e adaptación da programación do vindeiro curso.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión:

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE ANALIZAR COMO PARTE DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA					
	0	1	2	3	4
Organizáronse e secuenciáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación ás distintas unidades de programación.					
Definíronse os indicadores de logro vinculados aos estándares de aprendizaxe					
Asociáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis, a os instrumentos de avaliación e indicadores de logro.					
Deseñouse a avaliación inicial e definíronse as consecuencias dos seus resultados.					
Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: Tivéronse en conta co grupo específico de alumnos medidas xerais de intervención educativa.					
Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: Realizouse adaptación curricular significativa de áreas ou materias aos alumnos que tivesen autorizada dita medida específica extraordinaria.					
Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: Contempláronse as medidas específicas de intervención educativa propostas para os alumnos con necesidade específica de apoio educativo.					
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación ao alumnado vinculados aos estándares de aprendizaxe.					
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación propostos ao alumnado.					
Consideración de medidas para incorporar o TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.					
Aplicase a metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didácticos, agrupamento do alumnado, etc.					
Vinculación das unidades de programación con situacións reais, significativas, funcionais e motivantes para o alumnado					
Identifícase en cada instrumento de avaliación a súa vinculación cos estándares de aprendizaxe					
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados					
Os estándares imprescindibles están identificados en diferentes unidades de programación e instrumentos de avaliación diversos.					
Información ás familias e ao alumnado dá CE-estándares de aprendizaxe, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e estándares imprescindibles					
Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas					
Tratamento preciso dos temas transversais nas diferentes unidades de programación.					
Actividades extraescolares e complementarias.					

LEENDA DE ESCALA DE AVALIACIÓN	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Non se alcanzan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
	Insuficiente	1	Se omiten elementos fundamentais do indicador establecido
	Básico	2	Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido
	Competente	3	Evidénciase prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador establecido
	Excelente	4	Evidénciase prácticas excepcionais e exemplarmente, modelos de referencia de boas prácticas.

PLAN LECTOR

INTRODUCCIÓN

A partir dos resultados obtidos na observación diaria en clase, e dadas as dificultades detectadas, fíxase un modelo que favoreza e potencie o hábito lector do noso alumnado . Chegar ao fondo do problema faise difícil, xa que atopamos diversos tipos de alumnado coas habilidades lectoras (mecánica lectora, entoación, ritmo,..) pouco traballadas.

Xunto a eles hai outros, que parecen adquirir as habilidades mecánicas, aínda que o problema parece concretarse na dificultade de comprender o que len, de organizar a información transmitida polo texto. Esta dificultade de comprensión parece estar no fondo dun problema máis xeneralizado de fracaso escolar.

Tamén existen os alumnos que, ben por procedencia social, ou por desgana, atopan difícil manexar o vocabulario necesario para entender o sentido xeral ou concreto dos textos presentados.

A deficiencia de adquisición da suma total ou parcial das partes subliñadas xeran unha situación de desmotivación que moitas veces resulta case imposible de superar.

O principal problema co que nos atopamos áchase na falta de estímulos positivos que reforcen o gusto pola lectura. Ler como acto lúdico, divertido e enriquecedor non se leva, xa que o esforzo que hai que realizar para enfrontarse ás páxinas dun libro, os obstáculos que hai que vencer (técnica lectora, comprensión, vocabulario, motivación) non compensan.

No fondo, o verdadeiro sentido dun Plan de Lectura programado no centro é posibilitar o salto cualitativo desde o saber ler, cara ao querer ler, tarefa na que se tería que integrar toda a comunidade escolar, e na que a familia xoga un papel importante.

Temos que ser modelos de profesores / lectores. Practicaremos a lectura compartida. Crearemos espazos e situacións para familiarizarlles cos libros: falar deles, manexalos. Utilizaremos a Biblioteca escolar. Faremos partícipe á familia da lectura. Os alumnos traerán e levarán libros do instituto a casa e de casa ao instituto.

Desde a clase promoverase o intercambio de libros. Comentarémoslles noticias sobre lecturas.

Funcións da lectura:

Temos que ensinar ao alumno a entender que nela podemos atopar catro apartados ou funcións:

- 1.- A lectura serve para informarnos.
- 2.- A lectura serve para aprender.
- 3.- A lectura serve para gozar.
- 4.- A lectura serve para opinar.

Os profesores temos que dar resposta aos diferentes niveis e intereses lectores, ofrecéndolles distintas situacións de lectura.

Ante todo temos que ter en conta que estimular o hábito de lectura require tempo e constancia.

OBXECTIVOS NA EDUCACIÓN PLÁSTICA PARA O PLAN LECTOR

OBXECTIVOS	METODOLOXÍA DESCRIPCIÓN DUNHA POSIBLE ACTIVIDADE	MATERIAIS E RECURSOS	AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Estimular o interese pola lectura. • Potenciar o hábito lector. • Desenvolver a comprensión lectora. • Deseñar unha personaxe dun libro a partir de bosquexos realizados con distintas técnicas. • Utilizar materiais e técnicas de expresión plástica. • Realización da personaxe con papel • Expressar unha mesma idea ou representar un mesmo obxecto mediante diferentes procedementos e técnicas e comparar os resultados. • Participar na organización de actividades en grupo. • Adquirir o hábito da orde e coidado do material así como do coidado da obra acabada 	<ul style="list-style-type: none"> • Proponse o deseño e construción de personaxes tridimensionais xurdidos da lectura dunha narración. Cada alumno/a creará unha personaxe con papel maché • Ao finalizar realizarase un decorado, deseñado por grupos de alumnos, que reflectirá o ambiente espacial da narración e onde se reunirán todas as personaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Tres libros ou historias diferentes. • Lapis de grafito e de cores. • Tintas, témperas e pinceis. • Papel de xornal ou de cociña. • Cola branca. • Teas, fío de coser, agulla e tesoiras 	<ul style="list-style-type: none"> • Descubrir a lectura como goce persoal. Valorar a importancia dos libros como fonte de creatividade e imaxinación. • Relacionar a linguaxe plástica e o literario. • Utilizar o bosquejo para a creación dunha personaxe. • Traballar con papel maché para a construción de formas tridimensionais. • Utilizar correctamente materiais e técnicas de expresión plástica. • Valoración das fases necesarias para a planificación e elaboración de traballos persoais.

CONSELLOS DE LECTURA

Algunha lectura recomenda polo Departamento:

Fernández-Pacheco, Miguel. Siete historias para la infanta Margarita. Siruela, 2002. Col. Las Tres idades. Velázquez (+12)

Hernández, Cristo. La mirada de Gioconda. Editorial Afortunadas, 2002. Col. Maresía. (+14)

Denzel, Justin. Regreso a las cavernas. Madrid: Alfaguara, 2002. 205 p. Col. (+12)

Sierra i Fabra, Jordi. os homes das cadeiras. S.M., 2001.

Col. El Navegante. (+12)

Las palabras y las cosas.- Michel Foucault

A moza da perla – Tracy Chevalier

La cena secreta - Javier Sierra.

Planilandia.- Edwin A. Abbott.- Editorial El Barquero, 2004. Rembrandt van Rijn. Sarah Emily Miano. Alfaguara. Historias mortais. Varios. Galaxia Gutenberg. Círculo de lectores.

Todo tipo de cómic , historieta ilustrada e película subtitulada.

USO DAS T.I.C.

Dende o punto de vista educativo o uso das T.I.C. permítenos introducir contido hipertextual multimedia que amplía e complementa as horas lectivas destinadas á materia, ademais de preparar ao alumnado en moitas das competencias básicas presentes no Currículo da Educación Plástica, Visual e Audiovisual na Secundaria (artística, dixital, tratamento da información....). Tamén facilita establecer co alumnado unha comunicación máis áxil e orientarlles a través dos contidos e prácticas da materia sacando rendemento a un dos medios preferidos polo alumnado, Internet .

Internet tamén pode ser unha potente ferramenta educativa e comunicativa que motive ao alumnado a mirar, observar, ler e percibir o través dun dos medios que máis explota as posibilidades da linguaxe

escrita e a linguaxe visual á vez que lle esixe un espírito crítico na lectura dos artigos e na elección dos enlaces.

De igual modo, os/as alumnos/as entran en contacto de forma sinxela cos entornos audiovisuais e multimedia, contidos fundamentais no Currículo da materia, e aprenden a valorar as Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación como ferramentas de coñecemento e experimentación que lles van ser útiles como medios de expresión, creación e aprendizaxe.

Nunha materia como a EPVeA na que a imaxe é un dos eixos fundamentais, a utilización do computador convertese en algo case imprescindible para o tratamento de imaxes tanto fixas coma en movemento.

Por outra parte, tamén este departamento depende da dotación do centro e dos horarios establecidos para o uso das aulas de informática do centro, xa que a aula non conta cón material necesario para facer uso das T.I.C.

A continuación desgranarei o uso que pode facer o departamento de Debuxo, dos recursos do centro, os programas informáticos utilizados (previa petición da aula de informática) e as actividades desenroladas.

RECURSOS DO CENTRO

Computadores

Acceso a internet

Altofalantes

Impresora

Reprodutor de vídeo

Cámara de vídeo (Dixital)

Cámara fotográfica(Dixital)

Trípodes

Proxector

Modelos

INTERNET COMO RECURSO

Utilizar Internet con fins educativos e culturais e, coma complemento doutros medios de comunicación e de coñecemento. Isto implica coñecer os lados positivos e negativos da Rede, e por ilo temos que preparar os/as estudantes para un uso seguro e eficaz de Internet.

Cando nos referimos os recursos educativos web falamos dos materiais conceptuais ou contidos aloxados en sitios web e ferramentas ou aplicacións dos que podemos dispor en internet coa finalidade de enriquecer a aprendizaxe dos estudantes en actividades que incorporan o uso de estes recursos.

Internet non so é unha inmensa rede de contidos de diverso tipo que conéctanse por enlace hipertextual e proporcionan representacións múltiples da realidade con facilidades multimedia, senón que tamén é unha tecnoloxía de comunicación que fomenta a interacción co medio e outras persoas, facilitando así unha aprendizaxe socio-construtivo e cooperativo centrando nas necesidades do estudante e a súa autonomía.

O USO DO BLOG COMO RECURSO EDUCATIVO WEB

É relativamente fácil introducir un blog de aula coma recurso educativo, grazas a que non require ferramentas moi especiais. Tan so un ordenador conectado a Internet e un navegador web.

Dependeremos sempre da dotación técnica do noso centro. A aula conta cun ordenador de mesa con acceso a Internet. Deste modo temos toda a flexibilidade e integración que necesitamos, en calquera momento.

Para o docente o blog pode converterse nunha ferramenta que aporte máis dinamismo na aula. O blog ofrece ademais unha nova oportunidade de traballar no mundo da imaxe e da lingua escrita, seleccionando a información mais axeitada, resolvendo dúbidas, ampliando coñecemento coa información manexada. Ademais algunhas entradas e vídeos seleccionados están en diferentes idiomas, reforzando o plurilingüismo.

ESTRUTURA DO BLOG “PAPEL EN BRANCO”.

POST OU ENTRADA	TEMPORALIDADE	ARQUIVO	ETIQUETAS	COMENTARIOS
<p>Selección de contidos. Categorias: Vídeo ou fotografía:</p> <p>-Vídeos como guía didáctica Ex...Círculo cromático Bisectriz. Arte... Antonio López</p> <p>-Vídeos informativos Ex...Exposicións de interese Animación Visitas virtuais</p> <p>-Texto: EX...Creación dixital...</p> <p>-Selección de artigos. Ex...Claroscuro</p> <p>Enlace permanente (permanent link): Creación dos enlaces necesarios para ampliar a información. LIGAZÓNS</p> <p>-Espazos de interese xeral, compartidos en EDIXGAL e Aula virtual. Web Educación Climántica... Aprender a estudar</p> <p>-Os traballos da aula.</p> <p>-Espazos relacionados cos contidos do blog.</p> <p>-Solucións as dúbidas e dificultades atopadas na realización de traballos. Ex...Descarga de programas</p> <p>-Reforzo dos contidos na aula e fora da aula.</p> <p>-Actualidade e noticias relacionadas Ex...Enlaces a certames e festivais Visitas a museos</p> <p>-Blogroll. Blogs de interese.</p>	<p>Fixada na hora, día, mes...para cada post e ligada á inmediatez da súa publicación.</p>	<p>Datas ordenadas cronoloxicamente.</p>	<p>Clasifícanse en categorías e etiquétase con palabras clave por tema ou soporte.</p>	<p>O blog é un espazo aberto á participación dos lectores mediante un sistema de comentarios, que fai posible aportar opinións, novos datos, enlaces a outras páxinas, etc</p>

ENLACE

PAPEL EN BRANCO-BLOG DA MATERIA

E.P.V e A.

PROGRAMAS A UTILIZAR:

Os programas que aprenderemos a utilizar son necesarios para poder editar os seus proxectos audiovisuais, programas de edición de fácil manexo, como Movie Maker, AVS, Corel Vídeo Studio, Premiere Clips ou PiTiVi (para Linux).

Incorporar coñecementos dalgún programa para o seu uso na presentación de proxectos, algún editor de presentacións online dinámico.

Tamén traballárase con algún programa básico de edición fotográfica e deseño gráfico.

Alguns traballos realizados con Stop-motion e colgados na paxina da aula en YouTube.

https://www.youtube.com/user/papelenbranco/videos?shelf_id=0&view=0&sort=dd

ACTIVIDADES

As posibles actividades que se poden realizar, facendo uso de internet e das diversas ferramentas dixitais coma recurso educativo, son:

Xeometría básica e utilización dos materiais de debuxo, en páxinas web.

Debuxar e colorear con pincel virtual.

Ritmo, simetrías, mosaicos.

Arte galega, visitas virtuais a museos e galerías.

Percepción da forma, do espacio, ilusións ópticas.

Utilización dos Programas en 2D e 3D para logos e tratamento da cor, luz e sombra, mesturas, veladuras,...

Arquitectura e arte galega.

Análise da obra de arte.

Cómic, historia, exercicios prácticos.

A proporción nas formas.

Introdución os sistemas de perspectiva.

Movimentos do plano.

Trazados de tanxencias.

Deseño, a fotografía, o retoque fotográfico.

A edición de vídeo....

ANEXO I

RÚBRICAS UTILIZADAS

RÚBRICA PARA AVALIAR O CÍRCULO CROMÁTICO

Niveis de adquisición

INDICADORES	Nivel I (V1)	Nivel II (V2)	Nivel III (V3)	Nivel IV (V4)	Cualificación %
MÉTODO GRÁFICO-PLÁSTICO	Non utilizaron con corrección o material, conseguindo acadar resultados moi incorrectos e imprecisos, distanciándose moito do modelo orixinal.	Utilizaron os materiais con corrección pero non conseguiron plasmar o modelo orixinal.	Utilizaron con corrección o material achegándose ao modelo orixinal.	Utilizaron con corrección o material conseguindo acadar resultados moi correctos e precisos, asemellándose moito ao modelo orixinal.	20,00%
COR	Non fan as mesturas aditivas axeitadas, adaptándose ás explicacións dadas pola docente, obtendo uns resultados inapropiados e afastados da representación orixinal.	Fan as mesturas aditivas axeitadas adaptándose ás explicacións dadas pola docente, obtendo uns resultados próximos ao modelo orixinal.	As mesturas aditivas empregadas foron axeitadas, obtendo resultados bastante aproximados ao modelo orixinal.	As mesturas aditivas empregadas foron axeitadas, obtendo resultados moi aproximados ao modelo orixinal.	20,00%
CALIDADE E TÉCNICA	Liñas nada definidas e delimitadas, un traballo coa cor emplastada, con moitas correccións, sen manchas e bastantes erros.	Liñas pouco definidas e pouco delimitadas, algo emplastada a cor, con correccións, poucas manchas e con algúns erros.	Liñas pouco definidas e pouco delimitadas, sen emplastar a cor, con correccións, poucas manchas e sen apenas erros.	Liñas definidas e delimitadas, sen emplastar a cor, sen correccións, sen manchas e sen erros.	20,00%
MÉTODO GRÁFICO-PLÁSTICO	Non utilizaron con corrección o material, conseguindo acadar resultados moi incorrectos e imprecisos, distanciándose moito do modelo orixinal.	Utilizaron os materiais con corrección pero non conseguiron plasmar o modelo orixinal.	Utilizaron con corrección o material achegándose ao modelo orixinal.	Utilizaron con corrección o material conseguindo acadar resultados moi correctos e precisos, asemellándose moito ao modelo orixinal.	20,00%
LIMPEZA	Entrega o traballo moi sucio de trazado e co caxetín pouco traballado ou mal feito ao igual que outros elementos do traballo.	Entrega o traballo algo sucio de trazado e co caxetín e outros elementos case ben.	Entrega o traballo pouco limpo nos trazados e co caxetín e outros elementos case en perfecto estado.	Entrega o traballo moi limpo de trazado e co caxetín e outros elementos en perfecto estado.	20,00%

RÚBRICA TRABALLO MODULAR , POLÍGONOS REGULARES (M.C. ESCHER)

Niveis de adquisición

Indicadores	Nivel VI	Nivel III	Nivel II	Nivel I	%
ORIXINALIDADE	A imaxe é moi orixinal e creativa.	A imaxe é algo orixinal e creativa.	A imaxe é correcta pero pouco o nada creativa.	A imaxe é incorrecta e nada orixinal.	20%
MÉTODO GRÁFICO-PLÁSTICO	Utilizaron con corrección o material, conseguindo acadar resultados moi correctos e precisos.	Utilizaron con corrección o material achegándose ao bosquexo previo.	Utilizaron os materiais con corrección pero non conseguiron acadar resultados moi correctos e precisos.	Non utilizaron con corrección o material , conseguindo acadar resultados moi incorrectos e imprecisos, distanciándose moito do que se lle pedía.	20%
COR	As mesturas aditivas empregadas foron axeitadas, obtendo resultados moi correctos e chamativos.	As mesturas aditivas empregadas foron axeitadas, obtendo resultados bastante correctos.	Fan as mesturas aditivas axeitadas , pero os resultados non son del todo correctos.	Non fan as mesturas aditivas axeitadas, obtendo uns resultados inapropiados e bastante afastados do que se lle pedía.	20%
ESTRUTURA	Estrutura moi correcta, utilizando moi ben os recursos graficoplásticos.	Estrutura correcta, pero mellorable utiliza correctamente os recursos graficoplásticos.	Estrutura correcta, aínda que é mellorable no concerne ao uso dos recursos graficoplásticos.	Estrutura moi pouco correcta, utilizando mal os recursos graficoplásticos.	20%
ELECCIÓN DE FORMAS	Elixe a forma poligonal que máis se adecúa para a realización da súa rede modular, facéndoo ademais con moita precisión e limpeza.	A forma poligonal que elixiu é adecuada para a realización da súa rede modular.	Aínda que a forma poligonal que elixiu é adecuada para a realización da súa rede modular, os trazados son moi imprecisos.	A forma poligonal que elixiu non é adecuada para a realización da súa rede modular, e os trazados son moi imprecisos, irregulares e sucios.	20%
TOTAL					

RÚBRICA INTELIXENCIA VISUAL-ESPACIAL

CATEGORÍA	NIVEL 4	NIVEL 3	NIVEL 2	NIVEL 1	%
Estratexias plásticas	Ten gran habilidade no manexo de stratexias relacionadas coa escultura e diferentes técnicas plásticas.	Manéxase no uso de stratexias relacionadas coa escultura e diferentes técnicas plásticas.	Manexa algunhas das stratexias relacionadas coa escultura e diferentes técnicas plásticas, noutras necesita axuda.	Precisa axuda para realizar as actividades.	20,00%
Xogos de construción	Amosa gran habilidade e rapidez resolvendo xogos de construción.	É capaz de resolver xogos de construción con paciencia.	Cústalle resolver algúns xogos de construción precisando axuda.	Non amosa interese en resolver xogos de construción .	20,00%
Elementos visuais	Ten gran interese e fíxase ao detalle nos elementos visuais do seu entorno.	Fíxase nos elementos visuais do seu entorno, pero non capta tódolos detalles	Ainda que o/a estudante amosa interese, non consegue captar os detalles.	Non amosa ningún interese en captar os elementos visuais do seu entorno.	20,00%
Atributos dos obxectos	Presenta unha gran habilidade recoñecendo os atributos dos obxectos tridimensionais e os identifica.	Recoñece os atributos dos obxectos tridimensionais e identifica a maioría deles.	Chega a recoñecer os atributos dos obxectos tridimensionais e identifica algún deles con axuda.	Cústalle recoñecer e identificar os diferentes atributos dos obxectos tridimensionais.	20,00%
Figuras 3D	Amosa interese e habilidade creando figuras en 3D. Ademais as súas creacións amosan unha creatividade avanzada.	Ten habilidade e gústalle crear figuras en 3D sobre obxectos coñecidos e cercanos	Amosa pouca habilidade creando figuras en 3D. En ocasións precisa axuda.	É incapaz de crear figuras en 3D se non é con axuda.	20,00%

RUBRICA PARA AVALIAR LÁMINAS E TRABALLOS TÉCNICOS

NIVEIS	NIVEL 4	NIVEL 3	NIVEL 2	NIVEL 1	%
CALIDADE E TÉCNICA	Liñas definidas e delimitadas, sen emplastar a cor, sen correccións, sen manchas e sen erros.	Liñas pouco definidas e pouco delimitadas, sen emplastar a cor, con correccións, poucas manchas e sen apenas erros.	Liñas pouco definidas e pouco delimitadas, algo emplastada a cor, con correccións, poucas manchas e con algúns erros.	Liñas nada definidas e delimitadas, un traballo coa cor emplastada, con moitas correccións, sen manchas e bastantes erros.	30,00%
FIRMAS, AVANCES E REVISIÓNS	Cumpre con tódalas firmas das revisións, traballa na aula soamente elementos relacionados coa materia.	Faltoulle unha das firmas das revisións, traballa na aula só elementos relacionados coa materia.	Faltoulle dúas das firmas das revisións, traballa na aula só elementos relacionados coa materia.	Faltoulle varias das firmas das revisións, non traballa na aula elementos relacionados coa materia.	20,00%
LIMPEZA	Entrega o traballo moi limpo de trazado e co caxetín e outros elementos en perfecto estado.	Entrega o traballo pouco limpo nos trazados e co caxetín e outros elementos case en perfecto estado.	Entrega o traballo algo sucio de trazado e co caxetín e outros elementos case ben.	Entrega o traballo moi sucio de trazado e co caxetín pouco traballado ou mal feito ao igual que outros elementos do traballo.	15,00%
COMPOSICIÓ	Inicia o traballo a tempo, e enfoca a composición ao deseño, ampliando os seus coñecementos para mellorar os resultados	Inicia o traballo a tempo, e enfoca a composición ao deseño.	Inicia o traballo a tempo, pero non emprega de todo ben a metodoloxía.	Inicia o traballo tarde e o seu deseño non cumpre coa metodoloxía.	20,00%
ENTREGA	Entrega na data sinalada.	Entrega un día máis tarde data sinalada.	Entrega un par de días máis tarde data sinalada.	Entrega o traballo moi lonxe da data fixada, superando máis de tres días.	15,00%

RÚBRICA PARA AVALIAR TRABALLOS PLÁSTICOS

Niveis de adquisición

Indicadores	Nivel I	Nivel II	Nivel III	Nivel IV	Cualificación
Encaixado	Encaixaron o debuxo sen ter en conta as liñas guías, obtendo un resultado alleo a o orixinal.	Encaixaron o debuxo tendo en conta as liñas guías, pero obtendo un resultado afastado do orixinal.	Encaixaron o debuxo tendo en conta as liñas guías, obtendo un resultado aproximado ao orixinal.	Seguiron o método de encaixe dado na aula con corrección conseguindo un resultado igual ou moi parecido ao orixinal. Autocorrexíndose e buscando solucións.	30,00%
Método gráfico-plástico	Non utilizaron con corrección o material, conseguindo acadar resultados moi incorrectos e imprecisos, distanciándose moito do modelo orixinal.	Utilizaron os materiais con corrección pero non conseguiron plasmar o modelo orixinal.	Utilizaron con corrección o material achegándose ao modelo orixinal.	Utilizaron con corrección o material conseguindo acadar resultados moi correctos e precisos, asemellándose moito ao modelo orixinal.	30,00%
Cor	Non fan as mesturas aditivas axeitadas, adaptándose ás explicacións dadas pola docente, obtendo uns resultados inapropiados e afastados da representación orixinal.	Fan as mesturas aditivas axeitadas adaptándose ás explicacións dadas pola docente, obtendo uns resultados próximos ao modelo orixinal.	As mesturas aditivas empregadas foron axeitadas, obtendo resultados bastante aproximados ao modelo orixinal.	As mesturas aditivas empregadas foron axeitadas, obtendo resultados moi aproximados ao modelo orixinal.	30,00%
Orde e limpeza *	Ainda que a docente lles recorda que teñen que recoller e manter limpo o seu lugar común de traballo, sobrecargan aos compañeiros coas súas responsabilidades, ou fano pero mal, sen interese e de mala gana.	Non son capaces de recoller e participar na limpeza do espazo común, nin persoal, utilizado para a realización do traballo, sin que a docente llo teña que sinalar.	Son capaces de recoller e participar na limpeza do espazo común, e persoal, utilizado para a realización do traballo, sin que a docente llo teña que sinalar.	Son sempre voluntarios para recoller e participar na limpeza do espazo común, e persoal, utilizado para a realización do traballo, e o realizan con interese, asegurándose que queda todo en perfecto estado para o seu próximo uso.	10,00%
Puntuación Total					

RÚBRICA PARA CÓMIC

Niveis de adquisición

INDICADORES	Nivel I	Nivel II	Nivel III	Nivel IV	Cualificación %
CREATIVIDADE	Nada creativo e orixinal	Suficientemente creativo e orixinal	Bastante creativo e orixinal	Moi creativo e orixinal	15,00%
IMAXES	Escaso uso de elementos visuais que non permiten identificar os pasos do proceso. As personaxes non teñen que ver nada co tema.	As imaxes, iconas ou elementos visuais, non son os máis adecuados para o tema que se tratou. Algunha das personaxes non están ben caracterizadas.	As imaxes, iconas ou elementos visuais, son adecuados para o tema que se tratou. As personaxes están bastante ben caracterizadas para o tema.	As imaxes, iconas ou elementos visuais, son moi axeitadas para o tema que se tratou. As personaxes están moi ben caracterizadas para o tema.	20,00%
DESEÑO	Difícil de ler e seguir, case non se entende.	Algúns elementos non se entenden.	Lese e enténdese correctamente. Aparencia correcta.	Fácil de ler e ver. Aparencia atractiva.	15,00%
CONTIDO	Faltan máis de dúas fases no proceso. Partes do texto non se comprenden. Usa terminoloxía incorrecta ou inadecuada. Bastantes erros gramaticais e ortográficos.	Non están claras algunhas das fases do proceso ou hai algún erro. Partes do texto non se comprenden correctamente. Algúns erros gramaticais e ortográficos.	Aparecen ordenadas case tódalas fases do proceso. Os textos explican o tema a tratar. Pequenos erros gramaticais e ortográficos.	Aparecen ben secuenciadas tódalas fases do proceso. Os textos explican claramente o tema a tratar. Correcto, gramatical e ortograficamente.	20,00%
FORMATO	Non inclúe todas as viñetas solicitadas.	Están todas as viñetas solicitadas, pero algunha carece de sentido.	Están todas as viñetas solicitadas.	Contén as viñetas solicitadas e algunha máis.	15,00%
PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN	Non se realizou ningunha tarefa de deseño e organización previa.	Realizáronse tarefas de organización e deseño, pero non coinciden có resultado final.	Realizáronse algunha tarefa de deseño e organización previa.	Realizáronse tarefas de deseño e organización previa.	15,00%
TOTAL					

RÚBRICA PARA AVALIAR O TRABALLO PUBLICITARIO

Niveis de adquisición

Indicadores	Nivel I	Nivel II	Nivel III	Nivel IV	%
FORMATO	Anuncio moi atrainte e correcto, tanto no uso das imaxes coma na mensaxe amosada.	Anuncio moi atrainte, pero admite algunha mellora no formato.	Anuncio pouco atrainte que precisa mellorar varios aspectos no formato.	Anuncio nada atrainte para o consumidor/ra onde o uso das imaxes non son nada correctas.	20,00%
ORIXINALIDADE	Anuncio publicitario moi orixinal e creativo.	Anuncio publicitario algo orixinal e creativo.	Anuncio publicitario correcto pero pouco o nada creativo.	Anuncio publicitario incorrecto e nada orixinal.	20,00%
ESTRUTURA	Estrutura moi correcta, utilizando moi ben os recursos cinematográficos. e ofrecendo unha mensaxe clara e contundente.	Estrutura correcta, pero mellorable utiliza correctamente os recursos cinematográficos.	Estrutura correcta, aínda que é mellorable no concenrente ao uso dos recursos cinematográficos.	Estrutura moi pouco correcta, utilizando mal os recursos cinematográficos e ofrecendo unha mensaxe pouco intelixible e clara.	20,00%
MONTAXE	Anuncio moi ben montado no que utiliza todo os recursos ao seu alcance para amosar unha mensaxe coherente , lineal e clara.	Anuncio ben montado no que utiliza algúns dos recursos ao seu alcance para amosar unha mensaxe con algo de coherencia.	Anuncio regularmente montado no que non utiliza todo os recursos ao seu alcance para amosar unha mensaxe coherente.	Anuncio mal montado no que non utiliza todo os recursos ao seu alcance.	20,00%
USO DOS PLANOS	Usa os planos cinematográficos cun gran acerto e coherencia na estrutura da composición da mensaxe.	Usa os planos cinematográficos pero podería mellorarse o uso que fai deles na mensaxe final.	Usa os planos cinematográficos aínda que con pouco acerto e coherencia na estrutura da composición.	Non usa os planos cinematográficos con acerto, obtendo uns resultados incoherentes na composición da mensaxe.	20,00%

RÚBRICA PARA TRABALLO FOTOGRÁFICO

Niveis de adquisición

Indicadores	Nivel VI	Nivel III	Nivel II	Nivel I	%
IMAXE	Adecuada, amosa equilibrio e cumpre cos requisitos de cor e tamaño adecuados.	Correcta, aínda que ten algún pequeno defecto na cor e tamaño.	Non é unha imaxe moi equilibrada visualmente, ten algún pequeno defecto na cor e tamaño.	A imaxe apenas se pode ver.	20%
ORIXINALIDADE	A imaxe é moi orixinal e creativa.	A imaxe é algo orixinal e creativa.	A imaxe é correcta pero pouco o nada creativa.	A imaxe é incorrecta e nada orixinal.	20%
ESTRUTURA	Estrutura moi correcta, utilizando moi ben os recursos fotográficos.	Estrutura correcta, pero mellorable utiliza correctamente os recursos fotográficos	Estrutura correcta, aínda que é mellorable no concenrente ao uso dos recursos fotográficos.	Estrutura moi pouco correcta, utilizando mal os recursos fotográficos.	15%
MEDIDAS PROPOSTAS	Son axeitadas e pertinentes para esa situación de risco.	Poderían ser correctas pero difíciles de levas á práctica.	Algunha podería utilizarse pero non todas ou non da maneira proposta.	As medidas propostas non son axeitadas.	15%
FONTES DE INFORMACIÓN	Recorre a fontes de información variadas e actualizadas.	Recorre a fontes de información fiables pero pouco variadas.	As fontes de información non están actualizadas.	As fontes de información non son as adecuadas.	15%
INFORMACIÓN	A información está ben organizada e é coherente.	A información está ben organizada aínda que falta algo de coherencia..	A información non está ben organizada e falta algo de coherencia..	A información está mal organizada e é incoherente.	15%


RÚBRICA PARA AVALIAR COLLAGE

CATEGORÍA	NIVEL 4	NIVEL 3	NIVEL 2	NIVEL 1	
CREATIVIDADE	Varias das gráficas ou elementos utilizados no colaxe, reflicten un especial grado de orixinalidade do/a estudante na súa creación e/ou exhibición.	Unha ou dúas das gráficas ou elementos utilizados no colaxe, reflicten un especial grado de orixinalidade do/a estudante na súa creación e/ou exhibición.	Unha ou dúas das gráficas ou elementos utilizados no colaxe, foron feitos ou personalizados polo/a estudante pero as ideas son máis gráficas que creativas.	O/a estudante non fixo ou personalizou ningún dos elementos do colaxe.	30,00%
CALIDADE DA CONSTRUCCIÓN	O colaxe amosa unha considerable atención na súa construción. As súas compoñentes están nitidamente cortadas e ven situadas na construción do traballo.	O colaxe amosa atención na súa construción. As súas compoñentes están nitidamente cortadas e ven situadas na construción do traballo.	O colaxe amosa algo de atención na súa construción. As súas compoñentes están nitidamente cortadas e ven situadas na construción do traballo.	O colaxe foi construído desordenadamente non prestando atención na súa construción. As súas compoñentes están mal cortadas e non situadas correctamente na construción do traballo.	20,00%
TEMPO E ESFORZO	O tempo na aula foi utilizado sabiamente. Moito do tempo e esforzo estivo na planificación e deseño. É claro que o/a estudante completou o seu traballo na casa sen deixar de traballar nas horas de aula adicadas a elo.	O tempo na aula foi utilizado sabiamente. Moito do tempo e esforzo estivo na planificación e deseño. Pero o/a estudante puido haber completado o seu traballo na casa adicándolle algo máis de tempo.	O tempo na aula non foi usado sabiamente, pero completouno utilizando tempo adicional no seu fogar	O tempo na aula non foi usado sabiamente, e tampouco lle adicou esforzo adicional .	20,00%
NÚMERO DE ELEMENTOS	O colaxe ten polo menos dez ou máis elementos diferentes.	O colaxe ten polo menos nove elementos diferentes.	O colaxe ten polo menos seis elementos diferentes.	O colaxe ten menos de cinco elementos diferentes.	20,00%
ENTREGA	Entrega na data sinalada.	Entrega un día máis tarde data sinalada.	Entrega un par de días máis tarde data sinalada.	Entrega o traballo moi lonxe da data fixada, superando máis de tres días.	10,00%

ANEXO II

PERFIL DE COMPETENCIAS

Perfil de competencias.							
		1º ESO		3º ESO		4º ESO	
COMPETENCIA CLAVE		Estándares	%	Estándares	%	Estándares	%
Comunicación lingüística	CCL	8	17	7	18	0	0
C. matemática e c. básicas en ciencia e tecnoloxía	CMCCT	8	17	6	15	9	26
Competencia dixital	CD	4	8	4	10	10	29
Aprender a aprender	CAA	5	10	5	13	11	31
C sociais e cívicas	CSC	6	13	5	13	0	0
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	CSIEE	7	15	6	15	21	60
Conciencia e expresións culturais	CCEC	10	21	7	18	25	71
Nº TOTAL		47		40		35	



ANEXO III

RUBRICA PARA O SEGUIMENTO DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS (SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL).

CURSO:	PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES PROPOSTAS	NIVEIS DE DESEMPEÑO NON CUALIFICABLES			
	ASPECTOS	SEMPRE (Valor 2)	CASE SEMPRE (Valor 1)	AS VECES (Valor 0, 5)	NUNCA (Valor 0)
ALUMNO/A:	PARTICIPA NAS VIDEOCONFERENCIAS SEMANAIS PROGRAMADAS EN <i>WEBEX</i> , E CANDO NON O FAI É POR UN MOTIVO XUSTIFICADO.				
	O/A ALUMNO/A RESOLVE AS SÚAS DÚBIDAS A TRAVÉS DAS CANLES AXEITADAS EN TEMPO E USANDO AS FERRAMENTAS DIXITAIS DE FORMA AXEITADA.				
	AMOS NA ELABORACIÓN DOS SEUS TRABALLOS QUE ASIMILOU OS CONTIDOS AMPLIADOS.				
	ENTREGA AS ACTIVIDADES PROPOSTAS NO PRAZO ESTABLECIDO, E CANDO NON O FAI É POR UN MOTIVO XUSTIFICADO.				
	AMOS INTERESE POR RESOLVER AS SÚAS DÚBIDAS.				
	ENTREGA UNS TRABALLOS ELABORADOS LIMPOS E BUSCANDO PERFECCIONALOS ESTETICAMENTE.				
	FAI CASO DAS CORRECCIÓNS E INDICACIÓNS QUE SE LLE TRANSMITEN E REFLÍCTENSE NO SEU TRABALLO FINAL.				
	AMOS RESPONSABILIDADE E AMPLÍA INVESTIGANDO POLA SÚA CONTA OS CONTIDOS COMPARTIDOS, AMOSANDO INTERESE POR APRENDER.				
	O/A ALUMNO/A FAI E ENTREGA AS ACTIVIDADES NOS SOPORTES DIXITAIS RECOMENDADOS POLA MATERIA.				
	INTERACTÚA REGULARMENTE COA MATERIA, E CANDO NON O FAI É POR UN MOTIVO XUSTIFICADO.				

Total dividido entre 10

I.E.S. POETA AÑÓN

A SERRA DE OUTES A 15 DE SETEMBRO DO 2021
A XEFA DO DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS

M^a DEL CARMEN PÉREZ F.DEZ

